

**ECONOMÍA DA EMPRESA**

1. [1 pto.] Indique cales son as cinco forzas competitivas de Porter e desenvolva brevemente una delas.
2. [1 pto.] Mencione catro posibles formas xurídicas que pode adoptar unha sociedade mercantil e indique algunha característica de cada unha delas que permita diferencialas.
3. [1 pto.] Defina o concepto de punto morto ou limiar de rendibilidade, indique a fórmula matemática para o seu cálculo en unidades físicas e acompañe un gráfico para o razoamento da súa resposta.
4. [3 ptos.] A unha empresa preséntanselle dous proxectos de investimento (X e Y) que teñen unha duración de catro anos. O proxecto X supón un desembolso inicial de 20.000€, uns pagamentos anuais de 10.000€ e uns cobramentos anuais de 25.000€, 24.000€, 30.000€ e 22.000€ respectivamente para cada exercicio económico. Pola súa banda, o proxecto Y esixe un desembolso inicial de 23.500€, uns pagamentos anuais tamén de 10.000€, e uns cobramentos anuais previstos de 24.000€, 29.000€, 28.000€ e 10.000€ respectivamente para cada exercicio económico.  
 Pídese calcular o investimento máis rendible, tendo en conta un interese de mercado do 3%, segundo os métodos do Valor Actual Neto (VAN) e do prazo de recuperación ou *Pay-back*, de cada un delas.
5. En base aos seguintes movementos de materiais en almacén: as 600 unidades físicas en almacén a 1 de xaneiro da empresa PAU que comercializa un único produto foran adquiridas a un prezo unitario de 20€. O 4 de febreiro dese mesmo exercicio económico adquire un novo lote de 400 unidades físicas a un prezo unitario de 25€. Posteriormente, o 5 de marzo vende un lote de 300 unidades.  
 Pídese:
  - a) [1 pto.] Elaborar un cadro de inventario do período segundo o método do prezo medio ponderado (PMP).
  - b) [1 pto.] Valorar as existencias finais segundo o método FIFO.
6. En base aos seguintes custos de produción dunha empresa:

Unidades producidas	0	1	2	3	4	5	6	7	8
Custos totais (€)	25.000	30.000	34.000	37.000	39.000	45.000	52.000	77.500	105.000

- Pídese:
- a) [1 pto.] Cuantifique os custos fixos, e os custos variables e marxinais para cada nivel de produción.
  - b) [1 pto.] Calcule os custos totais medios para cada nivel de produción, represente graficamente os resultados e comente a gráfica.